



Parlamento das Letras: Agustín Fernández Paz

Publicado o [01/02/2012](#)

Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) leva a escrita na xema dos dedos. As palabras espéllanlle no iris e o mundo vaille entrando polos cómbaros do seu perenne sorriso ata o fonal dos paradisos fantasiados.

Como escritor, Agustín ten logrado o que moi poucos conseguen: ser admirado como un clásico en vida. Seguramente algo tivo que ver no asunto a súa capacidade para descubriarnos as cidades do desexo, para chamar a nosa atención sobre as flores radioactivas, medindo os contos por palabras, estivese preto ou lonxe do mar, soñando sempre co tesouro do dragón Smaug, atento ás Raparigashjhj, contemplándoo todo coa lúa na fiestra e quilómetros de tundas no corredor. E é que Agustín é sabedor do enigma dos trece anos de Branca, das cartas de inverno e do amor dos quince anos Marilyn. E talvez habitase algunha vez na casa da Avenida do Parque 17. En todo caso, permanece decote no centro do labirinto, entre a néboa escura, seguindo o exemplo do doutor Nogueira, a avanzar na noite de voraces sombras cun tren cargado de pasos misteriosos. E aínda que para el non teñen segredos as escolas de piratas, por veces abríaao un aire negro que se ergue dende os corredores de sombra, nesas horas nas que o único que queda é o amor e aló lonxe, talvez nas lúas do Senegal, haxa quen ande a soñar coas damas ou os fantasmas da Luz.

Bo e xeneroso onde os houber, este pastor de verbas quixo agasallar a Criticalia co precioso galano da súa conversa. Velaí, a seguir, as sabenzas que nos regalou o mestre don Agustín Fernández Paz.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

A finais da década dos setenta, as persoas que conformabamos o Colectivo Avantar, todas asentadas en Ferrolterra, comezamos a publicar os nosos primeiros materiais didácticos, na serie *O Noso Galego* (en Edicións Xerais, que iniciaba daquela a súa actividade). Neles, como lecturas que abrían as unidades, apareceron os meus primeiros textos narrativos. Logo, xa na década dos oitenta, publiquei os primeiros libros de narrativa da miña autoría, na colección Merlín de Edicións Xerais.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Como ocorría con calquera libro de LIX, non só cos meus, durante ben de anos a crítica non lles prestou atención ningunha (ou, se llela prestaba en certas datas anuais, era agrupando textos diversos nun mesmo feixe e utilizando adxectivos sobados como *tenro* ou *entrañable*). Nese tempo escribín un texto, “Contra a invisibilidade”, onde falaba da necesidade dunha crítica

externa. Mediada a década dos noventa, produciuse un cambio e, pinga a pinga, esa invisibilidade deu en rever. Eu noteino coa novela *O centro do labirinto* (1997), que tivo recensións mesmo en revistas como *Grial* ou *A Trabe de Ouro*, posiblemente porque abordaba unha cuestión relevante, o futuro da lingua. Desde aquela, case todos os libros meus tiveron unha boa recepción. E houbo algúns (coma tal, *O laboratorio do doutor Nogueira* e *Corredores de sombra*) que, se cadra, merecían unha atención maior.

As reflexións anteriores refírense ao eido da crítica. En canto á recepción por parte de lectores e lectoras, non teño queixa ningunha. Ao revés, considérome moi afortunado ao constatar que os meus libros se len e que son moitos os lectores que me achegan as súas impresións, por carta ou polo correo electrónico.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

O das manías é case inevitable neste oficio. Seguro que teño ben delas, malia non ser consciente de todas. A de escribir os primeiros borradores a man, sempre en cadernos de follas amarelas, pode ser a máis rechamante.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Había estar cómodo ao pé de calquera, non teño preferencias especiais. Supoño que me poñerían a carón de Paco Martín ou de Xabier Docampo, por cuestións xeracionais e de formación, aínda que as nosas escritas sexan moi distintas. Con algunha xente máis nova, como Rosa Aneiros, Marcos Calveiro ou Fran Alonso, tampouco se había estar nada mal. E co Xosé Miranda autor de narracións de medo ou coa Marilar Aleixandre contista tamén me atoparía moi cómodo.

O que non me agradaría nada é que nos metesen aos que adoitamos publicar en coleccións xuvenís ou infantís nunha especie de *guetto*, nas páxinas finais desa hipotética antoloxía; penso que se nos debe xulgar pola nosa escrita e non polas coleccións en que publicamos.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Non é doado salientar puntos concretos do camiño andado. Unha cousa é a repercusión externa que tiveron algúns premios acadados por certos libros meus (*Contos por palabras* levou o Premio Lazarillo en 1990; era a primeira vez que o gañaba un texto que non fose en castelán; *Trece anos de Branca* conseguiu o Premio Edebé no 93, competindo tamén con orixinais en castelán e catalán, sobre todo) e outra ben distinta é o significado que algúns títulos tiveron para min (coma tal, *O centro do labirinto* (1997) ou *Cos pés no aire* (2000), dous textos que necesitaba escribir), máis alá da súa recepción. E supoño que a obtención do Premio Nacional de LIX con *O único que queda é o amor* debo anotalo como un feito significativo.

Se me fixo noutros trazos que vaian alén de títulos ou galardóns concretos, direi que a escrita comezou sendo unha actividade secundaria para min, pois os meus afáns centrábanse máis no ámbito educativo. Co paso dos anos, foi acadando unha importancia maior na miña vida, ata se converter na miña actividade principal.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Lémbrome lendo en todas as etapas da miña vida. A escritura é secundaria se a comparamos coa lectura, se algo son é lector. Aínda que sexa narración o que máis lea, a poesía é o espazo ao que volvo unha e outra vez.

Os autores que máis me interesaron foron moitos e sucedéronse ao longo das diferentes etapas. Entre eles hai nomes dos considerados canónicos e outros que pertencen á chamada literatura de xénero (a novela negra, a de misterio e terror, a de ciencia ficción, os cómics), nunca tiven problema ningún para compaxinar os dous tipos de lecturas. De determinados autores lin obsesivamente todo o que atopaba de e sobre eles: Kafka, Ferrín, Valente, Joyce, Lovecraft, Camus, Rosalía, Chandler, Cunqueiro, os latinoamericanos do *boom*... Co paso do tempo, algúns deixaron de interesarme; outros pertencen a ese grupo de autores que nunca abandonarei. E sempre hai novos nomes que un vai descubrindo cos anos, desde Paul Auster a Wislawa Szymborska, pasando por Rivas, John Connolly, Atxaga e tantos outros.

A carón destes, están os autores da chamada LIX, que descubrín na década dos setenta, cando algunhas editoriais españolas deron en traducir os autores que renovaran o panorama europeo tras a Segunda Guerra Mundial: Gianni Rodari, Roald Dahl, María Gripe, Michael Ende, Astrid Lindgren, Úrsula Wölfel... Ademais de me eliminar de vez os prexuízos que puidera ter sobre esta literatura, os seus libros sinaláronme o camiño que logo eu había seguir na escrita.

E, xaora, non podo esquecer os autores de sempre, que lin por primeira vez na miña infancia e que relín, e releo, de maior: Verne, Salgari, Stevenson, Poe... Nos seus libros está a raíz da miña afección pola lectura, nunca poderei esquecer tanto como lles debo.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Faltan dous elementos esenciais: máis lectores e unha industria cultural máis potente.

Fannos falta máis lectores, porque os libros en galego non chegan a unha boa parte dos seus potenciais destinatarios. Porque os libros están invisibilizados (en cantas librarías non os hai ou andan amoreados no curruncho “del gallego”!), porque existen prexuízos arredor da lectura en galego, porque unha parte deses potenciais lectores non ten (ou teme non ter) a competencia necesaria para ler en galego, porque nos medios de comunicación non se trata co coidado que merece a literatura feita na lingua de noso, porque o número de bibliotecas e a súa dotación é moito menor do que debería ser, porque é case inexistente a promoción da lectura como unha política pública imprescindible...

Coa petición dunha industria cultural máis potente, refírome a un tecido editorial que non estea exposto a situacións difíciles como a actual, cun goberno que dá a sensación de querer afogar todo o que signifique un pulo das manifestacións culturais en galego. Unha industria cultural que conte cun tecido que permita proxectos ambiciosos, a promoción interior e exterior, a tradución do máis relevante que se publique polo mundo etc.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Sei que o meu tempo se esgota, non preciso do subxuntivo. Coma calquera narrador, a través dos meus libros aspiro a deixar testemuña da miña visión da vida e da miña concepción do mundo. Desexo poder escribir algún libro máis, na procura dese texto que responda ás ambicións coas que un inicia cada novo proxecto.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Creo que non leo tanto como para dar unha opinión cunha certa base, son moitos os libros que van quedando fóra do meu alcance. Con todo, non dubido en valorar de xeito positivo o panorama literario actual. Cada ano aparecen uns poucos libros de alta calidade (no ensaio, na poesía, na narración, no escaso teatro que se publica) e aparecen tamén outros títulos que, en

circunstancias normais, poderían ter ampla difusión social. Creo que non desmerecemos en relación con outras literaturas europeas, nin moito menos.

A nosa eiva está nas facetas que non son propiamente a creación, mais que inflúen nela, comezando pola existencia dunhas elites político-sociais-económicas alleas á riqueza literaria. Non termos un estado detrás, como lle ocorre a outras literaturas pequenas en tamaño, é unha carencia que se constata cada día.